



ORDENANZA FISCAL 26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS ESPECIAIS OU TRANSPORTES

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ao 19 do Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por servizos especiais ou transportes, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servizos especiais, de competencia municipal, a instancia de parte:

- a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calquera outros que sexan motivados pola celebración de espectáculos e espaxamento público que, pola súa natureza, pola aglomeración de público que os mesmos provoque ou polas necesidades de ordenar o acceso e saída do público e vehículos así o esixan.
- b) Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través do casco urbano.
- c) Calquera outros servizos especiais que sexan motivados por outras actividades que esixan a súa prestación.

2.- A estes efectos entenderanse prestados a instancia de parte, os referidos servizos cando estes foran provocados polo particular ou redunden no seu beneficio aínda que non mediara ningunha solicitude.

3.- Non estarán suxeitos ao os servizos prestados ou transportes realizados polo Estado, a Comunidade Autónoma, a Deputación provincial de Pontevedra e máis o concello de Pontevedra

Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, e as Entidades ás que se refire o Artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan:

- a) Titulares, empresarios ou organizadores, no seu caso, do espaxamento que motiven ou obrighuen a este Concello a prestar os servizos especiais sinalados no artigo anterior.
- b) Titulares da empresa dos servizos de transporte e, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.
- c) Peticionarios dos demais servizos especiais e provocadores ou beneficiarios dos mesmos, aínda que non os soliciten.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota da taxa regulada nesta Ordenanza será o resultado de aplicar unha cota fixa e as tarifas contidas no presente artigo:

1. A cota fixa é de 32,15 €.

2. Na prestación dos servizos sinalados no artigo 2.1 as tarifas desta taxa, serán as seguintes:

Por cada persoa afecta ao servizo.....	10,72 € por hora ou fracción
Por cada vehículo afecto ao servizo.....	16,07 € por hora ou fracción

3. A aplicación da presente taxa enténdese sen prexuízo das taxas que correspondan por ocupación do dominio público municipal ou por corte de tráfico.

Artigo 6. Devengo

O período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa devengase o día da solicitude do servizo.

Artigo 7. Autoliquidacións. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións, nas que se fará constar ademais da cota fixa, o número de elementos persoais e materiais necesarios para o servizo solicitado, e cuxo xustificante de tela ingresado achegarase á solicitude de autorización á que fai referencia o artigo 68 da Ordenanza municipal de Circulación.

2. Con independencia da autoliquidación, e se as circunstancias así o aconsellaran, o Departamento municipal competente para conceder a autorización poderá esixir a constitución de fianza previa, para responder dos deterioros que, como consecuencia das actividades desenvolvidas, poderán producirse nos bens ou instalacións municipais. A contía da fianza será estimada polo servizo técnico municipal que corresponda e devolta ao interesado unha vez comprobada a inexistencia de danos, previa solicitude do mesmo.

3. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais.

4. No caso de que unha vez aboada a autoliquidación que correspondese, fose necesario modificar a data do servizo, o interesado quedará obrigado a solicitar a rectificación da autoliquidación mediante a comunicación da dita variación ao servizo de xestión tributaria. De non haber máis modificación, entenderase automaticamente rectificadas a autoliquidación sen necesidade de resolución expresa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.



3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de decembro de 2007, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

